

FERROL, O MILAGRE ILUSTRADO.

Cando a principios do século XVIII os Borbóns conquistan o trono español rexorde o interese por recuperar o dominio do mar. Para conseguilo, é preciso construír unha gran escuadra, a máis grande e moderna do mundo.

Ferrol, pola súa situación estratéxica e por contar cunha ría infranqueable desde o mar, tendo en conta a estreita entrada e o triángulo defensivo de acceso que formaban os castelos de San Felipe, A Palma e San Martiño, é o lugar elixido para acoller **o arsenal máis importante de Europa.**

Pero ademais de por mar, tamén estaba protexido polo interior, pola muralla do Arsenal e a que rodeaba toda a cidade.

No século das luces, Ferrol pasa de ser unha vila mariñeira de 400 veciños que viven no barrio de Ferrol Vello, a converterse no **porto ideal da ilustración**, nunha base naval cunha cidade. A maior base naval do século XVIII e unha cidade que se converte na primeira gran urbe de Galicia, con 25.000 habitantes. Un **modelo perfecto,** referente en toda Europa e que será proxectado a América.

Este crecemento poboacional fai necesario construír novos barrios. Primeiro o barrio de barracas de Esteiro, destinado a acoller aos operarios, coñecidos como "a maestranza", e, dez anos máis tarde, o da Madalena, nexo de unión entre Ferrol Vello e Esteiro, habitado polos oficiais da Armada e que se converte nun modelo de arquitectura racionalista para o resto de España.

O FERROL ILUSTRADO NO CAMIÑO INGLÉS

1. Ferrol Vello. Barrio declarado ben de interese cultural e lugar onde se xestou a cidade no século XI. Destaca o seu trazado medieval e as casas típicamente mariñeiras. O seu peirao, Curuxeiras, acolle o inicio do Camiño Inglés, punto de partida dos peregrin@s que chegaban por mar das illas británicas e do norte de Europa.

3. Sa de Armas. Creado como almacén para dar apoio ao armamento e desarmamento dos barcos da Armada. Símbolo da grandiosa arquitectura como imaxe de poder da Coroa.

2. O Arsenal. A súa grandiosa arquitectura, ademais de cumprir funcións defensivas, amosaba o poderío da Coroa española, polo que os seus edificios teñen as mellores fachadas cara ao mar. Este Ben de Interese Cultural mantense operativo na actualidade. Conta con dúas portas, a da Fama, que alberga o escudo de Felipe V que estaba no antigo arsenal da Graña (1726) e a Porta do Dique.

4. Igrexa de San Francisco. Situada no antigo solar dun convento franciscano do século XIV, remplazou á igrexa medieval do peirao. Monumento nacional e Ben de Interese Cultural. Foi lugar de sepultura.

10 - 11. Exemplos de Rúa Real. Vivendas do s.XVIII, número 136 (10) y 108 (11).

5. Capela da Orde Terceira. Neoclásica e adosada á igrexa de San Francisco, é sede da Irmandade de Cofradías da Orde Terceira de Ferrol, que procesiona na Semana Santa Ferrolá.

12. Praza de Armas. Acollía o mercado da leña, de moble e cousas de segunda man.

13. Edificio Afundación. Foi cárcere e sede do Concello no século XVIII. Custeada polo imposto sobre o viño. Os presos tiñan que pagarse a súa comida. En 1847, o Concello trasládase ao edificio do Cantón das Delicias (Cantón de Molíns).

6. Fonte de San Roque Unha das máis emblemáticas da cidade. Conta co escudo máis antigo de Ferrol (1784). Construída en pedra, é un bo exemplo de servizo público da súa época.

14. Cantón de Molíns. Foi a primeira alameda urbana de Galicia.

15. Capela neoclásica das Angustias. Foi lugar de sepultura no S. XVIII. A praza estivo plantada de álamos ata a metade do século XVIII. En 1792 empézase a urbanizar.

7. Barrio da Madalena. Declarado Conxunto Histórico Artístico en 1983. Está concibido cun trazado xeométrico que reflicte o espírito ilustrado, como unha "tableta de chocolate", similar a Nova Yorque. Ferrol é pioneira no urbanismo moderno. Xorden as primeiras galerías.

16. Museo naval e Museo da Construcción Naval. Ubicados en dependencias do Arsenal, son dous interesantes espazos nos que coñecer a historia da Mariña Española e os segredos da Construción Naval.

8. Capitanía. Alberga o arquivo naval. No seu interior destaca a monumental escaleira. Desde os xardíns pode verse unha impresionante vista sobre o Arsenal e a ría de Ferrol.

17. Barrio de Esteiro. Proxectado para albergar aos traballadores dos estaleiros ("a maestranza"). Nace como conglomerado de cabanas de madeira. Contaba co chamado **Cadro de Esteiro**, situado no este. Un amplo espazo cunha alameda, pavillóns, cuarteis e casas, a capela de San Fernando, un arco e a torre do Reloxo que daban acceso ao estaleiro.

9. Praza de Amboaxe. O nome orixinal da praza foi Praza de Dores, en relación á igrexa do lateral. En 1769 pasa a acoller o mercado de feira, o terceiro domingo de cada mes, o mesmo que agora se celebraba na zona de Ferrol Vello.

18. Cuartel de Dores. O máis antigo de España e Ben de Interese Cultural. Destaca polo seu elegante patio. Tras el, atópanse os restos da porta de Fontelonga, o único dos 3 accesos por mar que se conserva da antiga cidade fortificada de Ferrol.

20. Casa do Patín. Típico edificio de vivendas da época do barrio de Esteiro. Hoxe é a biblioteca da Universidade.

21. Antigo Hospital da Marina. Construído pola Mariña como cuartel para a tropa. En 1792 destínase a hospital. Na parte norte tiña un cemiterio particular, no que soamente recibían sepultura os que morrían no hospital. Na súa época, foi un dos mellores hospitais de Europa.

19. Antiga porta dos Estaleiros. A portada do século XVIII era máis sinxela e tiña unha pequena espadana con campá. Era o acceso ao estaleiro desde o Cadro de Esteiro.

22. A Muralla. A súa construción iníciase en 1770 e finaliza catro anos máis tarde. De 7 quilómetros de longo, tiña 14 baluartes e varias portas de acceso por terra e 3 por mar. Todas pechábanse á mesma hora. A súa desaparición foi paulatina, aínda quedan restos na cidade.

OUTROS ESPAZOS ILUSTRADOS DE ESPECIAL INTERESE

23. Igrexa do Socorro. A súa irmandade asistía aos pobres e condenados a ser executados, acompañándolles ata o patíbulo e facéndose cargo dos seus restos. Lugar de sepultura no século XVIII.

25. Concatedral de San Xiao. Substitúe á antiga igrexa de Ferrol Vello que é derribada polas obras do foso do Arsenal, e da que conserva no seu interior un peto de ánimas. Foi pagada cos impostos do viño. Representativa do academicismo español, **foi a primeira deste estilo arquitectónico e artístico en Galicia.** Lugar de sepultura ata que se constrúe o cemiterio municipal.

24. A Nosa Sra. de Dores. Construída pola Irmandade gremial de Comerciantes de Ferrol. Destaca pola súa austeridade.

26. Hospital de Caridade. Foi a sede da institución benéfica "Hospital de Caridade". A súa fachada aínda conserva unha placa coa inscrición "Aquí exercítase a caridade". Ano de 1784", data na que terminou a primeira fase de obras. Hoxe rehabilitado, alberga o Centro Cultural Torrente Ballester no que está o escudo da cidade do S. XVIII situado no antigo concello (Escola de Gramática) do Paseo das Delicias.

27. Cemiterio Municipal. Primeiro de Galicia construído acorde coa nova normativa de sanidade de 1787 que obrigaba a situalos en lugares apartados da poboación. Soamente conserva a capela.

EDIFICIOS DESAPARECIDOS DE INTERESE

28. Antiga casa consistorial. Inaugurada en 1788, na pranta baixa estaba a Escola de Gramática e na primeira planta o Concello de Ferrol. O blasón oficial da cidade presidiu durante uns 200 anos a súa fachada, hoxe exposto no Centro Cultural Torrente Ballester.

30. Casa do Sr. García Fernández. Casa residencial situada na antiga praza de Dores (esquina oeste), no lugar reservado para o proxecto de Casas Consistoriais e Cárceres de Sánchez Aguilera. Axustábase ao deseño municipal porticado e común que perseguía o decoro e a homoxeneidade.

29. Casa Señorial dos Caamaño. Era un caserón construído na rúa Dores, esquina Sánchez Barcáiztegui. Propiedade dunha coñecida familia nobiliaria do século XVIII afincada en Ferrol.

31. Casa Teatro Settaro. Primeiro teatro permanente que inicia a súa tempada teatral en 1769.

FERROL destino ilustrado

SABORES ILUSTRADOS NO CAMIÑO INGLÉS

Un programa no que **a ilustración** se converte no **elemento enriquecedor** e **fiel acompañante** do peregrin@ que percorre o Camiño Inglés desde Ferrol, especialmente, a enogastronomía, e que ofrece un Talonario de Vantaxes Exclusivas con Sabor Ilustrado aos peregrin@s que elixen esta vía.

Talonario de vantaxes ilustradas. Os peregrin@s que inicien a súa peregrinación en Ferrol poden solicitalo nas oficinas de turismo ou nalgún dos aloxamentos da cidade (Parador de Turismo, Hotel Real ou Hostal Zahara). (VÁLIDO ATA O 31/12/2021).

Andainas ilustradas. Experiencias guiadas e teatralizadas nas que diferentes colectivos da comarca percorren un tramo do Camiño Inglés, acompañados da riqueza ilustrada da cidade, entre o peirao de Curuxeiras e a antiga Porta do Estaleiro. Unhas andainas que serán tan formativas como experienciais, porque @s participantes, ademais de vivir a experiencia de percorrer o Camiño en primeira persoa, serán obsequiados cun detalle evocador da época e desfrutarán de sabores ilustrados, dun almorzo ou dun refrixerio ilustrado.

O CAMIÑO INGLÉS

Desde hai máis de mil anos, o Camiño de Santigo conduce aos peregrinos e peregrinas ata o Santuario do Apóstolo Santiago, situado na Catedral de Santiago. A súa tumba, descuberta unha noite do ano 813, atrae a millóns de xentes que percorren os nove Camiños que conducen a Santiago, **primeiro itinerario cultural europeo** e **patrimonio da humanidade.**

Un deles é **o Camiño Inglés**, que acolle uns 15000 peregrin@s ao ano. Na Idade Media os peregrinos do norte de Europa chegaban aos portos de Ferrol e A Coruña. O Camiño desde o porto ferrolán ten 118 km e desde Coruña, 73.

Os motivos para peregrinar son moitos: culturais, naturais, para reflexionar, conseguir o perdón das faltas, coñecer xente…

O Ano Santo ten lugar cada vez que a festividade de Santiago, o 25 de xullo, cae en domingo.

Máis tarde, con motivo do Ano Santo de 1993, créase o Xacobeo, unha ampla programación festiva e cultural chea de eventos interesantes.

Desde entón, o número de peregrin@s crece ano tras ano. Para facer o Camiño non hai que esquecer a **credencial**, o documento no que cuñar os selos diarios do tramo percorrido e que servirá para obter "**A Compostela**", o diploma que certifica ter percorrido o Camiño, polo menos os 100 últimos quilómetros a pé ou dacabalo ou 200 en bicicleta.

Etapas do Camiño Inglés

- **Ferrol / Cabanas**
  Etapa 1 (27,6 quilómetros)
- **Cabanas / Betanzos**
  Etapa 2 (21,9 quilómetros)
- **Betanzos / Vilacova**
  Etapa 3 (17,6 quilómetros)
- **Vilacova / A Calle**
  Etapa 4 (21,7 quilómetros)
- **A Calle / Santiago de Compostela**
  Etapa 5 (29,7 quilómetros)

OS SABORES ILUSTRADOS

Co primeiro Borbón no trono de España, chega unha cociña ao estilo francés, opulenta, refinada e cosmopolita.

O **almorzo**, tal e como o entendemos, é un "invento" francés do XVIII que pronto se popularizo en España. Café, chocolate, panecillos quentes e ovos frescos son os alimentos preferidos para empezar o día.

En canto ao **xantar**, eran típicos os caldos, xaleas, consumados, a olla podriña (cocido), o asado, a sopa borracha… Outros produtos de consumo diario eran o queixo e as olivas.

Sobre as bebidas, en maio de 1765 créase un imposto novo sobre o viño co que se sufragan gastos de construcións: a escola pública, o servizo médico, fontes, casa consistorial, cárcere, etc. O **viño** é considerado unha bebida vigorizante e estimulante que pon en tensión os músculos para o traballo. En 1770, existen tantas tabernas en Ferrol que se constitúen en gremio.

O **doce** tamén estaba moi presente no século XVIII; o chocolate, os bizcochos da Real Fábrica de Bizcochos de Neda, as froitas en confitura, os panecillos, piñonates, pestiños, natillas, etc.

Colabora:
FERROL CITES Xacobeo 21·22 XUNTA DE GALICIA



sabores ilustrados no Camiño Inglés



sabores ilustrados no Camiño Inglés

Sabores ilustrados do Camiño Inglés desde Ferrol



GRANDES FITOS ILUSTRADOS DE FERROL

- **FERROL É O ÚNICO PORTO MILITAR DA ILUSTRACIÓN DE TODA EUROPA, QUE SE CONSERVA INTACTO E EN ACTIVO.**
- **FOI A MAIOR E MELLOR BASE NAVAL DO SÉCULO SVIII, TODO UN REFERENTE NO MUNDO.**
- **O ESTALEIRO DE ESTEIRO FOI O PRIMEIRO QUE CONTOU CON DOCE GRADAS, CAPAZ de CONSTRUÍR 12 NAVÍOS Á VEZ. OS DENOMINADOS, POLO SEU NÚMERO, "O APOSTOLADO".**
- **O SANTA ANA,** construído en Ferrol, é o **PRIMEIRO NAVÍO DO MUNDO CON MÁIS DE 100 CANÓNS: 112.**
- **O ARGONAUTA,** último navío de liña construído en ferrol, foi a **ENVEXA DA ARMADA MUNDIAL.**
- **FERROL** é a primeira gran urbe de Galicia, con 25.000 habitantes.
- **O CANTÓN É A PRIMEIRA ALAMEDA URBANA DE GALICIA.**
- En Ferrol, nacen **AS PRIMEIRAS GALERÍAS,** unha idea que ven dos galeóns dos barcos piratas, e que é exportada a outras cidades de Galicia.
- **O HOSPITAL NAVAL,** foi un dos mellores de Europa na súa época.
- **BATALLA DE BRIÓN** (26 agosto 1800), **ÚNICO INTENTO DE ATAQUE QUE PADECE A CIDADE.** Os ingleses entran polos montes de Doniños coa intención de tomar o Castelo de San Felipe. Un ataque frustrado pola reacción das autoridades locais e a poboación civil. O propio Napoleón bautizou por esta vitoria da Armada española.

FERROL destino ilustrado

FERROL, PRIMEIRO DESTINO ILUSTRADO DE ESPAÑA

O patrimonio material ilustrado da cidade e a recuperación do estilo de vida, converten a Ferrol no primeiro destino ilustrado de España.

Ferrol é froito do milagre ilustrado. Unha época gloriosa que marcou o seu pasado, presente e futuro. Unha historia e un legado que pertence aos ferroláns e ferrolanas e do que sentirse profundamente orgullosos@s, e un claro reforzo á candidatura de Ferrol como Patrimonio da Humanidade.

BUSCA ESTE SÍMBOLO E DESFRUTA DA VIDA ILUSTRADA FERROLA!

A rede de espazos ilustrados está formada por establecementos que recuperan o estilo de vida que, no século XVIII, enchía as súas rúas e prazas, tanto con sabores propios da época (almorzos, viños, aperitivos, pratos, doces...) como cos detalles ilustrados que albergan no interior.

Espazo Ilustrado